

ANUNCIO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CONTROL E MELLORA DOS SISTEMAS IMPLANTADOS PARA A ELIMINACIÓN DO PO DE SÍLICE

Expediente de contratación: Prestación dos servizos de control e mellora dos sistemas implantados para a eliminación do po de sílice

Tipo de procedemento: Procedemento negociado con publicidade.

Tipo de contrato: Servizos

Indícase deseguido a información relativa á adxudicación e formalización do contrato enriba referenciado:

1.- Licitadores:

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes de participación de ofertas (o 1 de setembro de 2014, ás 14:00 horas, tal e como se sinalaba no anuncio de licitación), recibíuse unicamente no Rexistro da A.C.P.G. a seguinte solicitude de participación:

- INTECO INGENIERÍA AVANZADA, S.L., titular do CIF B-36.856.540.

2.- Criterios de adxudicación e a súa valoración:

Os aspectos de negociación e criterios de adxudicación que se establecían nos pregos de licitación, foron os seguintes:


- Criterios cualitativos:
 - Programa de actuacións e metodoloxía de traballo (de 0 a 20 puntos)
 - Oferta de servizos (de 0 a 20 puntos)
 - Medios persoais (de 0 a 20 puntos)
- Criterios cuantitativos:
 - Mellor oferta económica (Valoración ata un máximo de 40 puntos).

Posto que unicamente se recibiu a proposta dun licitador, e sendo a mesma conforme cos requisitos e condicións establecidos nos pregos de licitación, non resultou preciso facer a ponderación dos criterios de adxudicación sinalados.

3.- Resumo da motivación da valoración obtida:

A oferta presentada polo licitador, ademais de cumprir todos os requisitos e condicións establecidos nos pregos de licitación, resulta adecuada para satisfacer as necesidades de contratación da Asociación Clúster da Pizarra de Galicia.

4.- Adxudicación:





CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA

a) *Data:*

- Adxudicación: Resolución do órgano de contratación do 29 de setembro de 2014
- Formalización: Sinatura do contrato con data 10 de Outubro de 2014.

b) *Importe de adxudicación:*

- Base Imponible: oitenta e dous mil seiscentos corenta e catro euros con sesenta e tres céntimos (82.644,63 €)
- I.V.E.: dezasete mil trescentos cincuenta e cinco euros con trinta e sete céntimos (17.355,37 €).
- Total: cen mil euros (100.000,00 €).

c) *Adxudicatario:*

- INTECO INGENIERÍA AVANZADA, S.L.

En Sobradelo de Valdeorras, 13 de Outubro de 2014

O Presidente da Asociación Clúster da Pizarra de Galicia
Asdo. D. Víctor M. Cobo Arias

